

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado e portavoz provincial do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

EXPOÑO:



Con data 27 de setembro presentei tres solicitudes de información con número de rexistro 27987, 27988 e 27989 sobre La Vuelta.

Con data 7 de outubro, recíbese contestación, supostamente, a estas tres solicitudes, pero na documentación que se aporta só se contesta á solicitude 27987.

Con data 17 de outubro reitéranse as preguntas con número de rexistro de entrada 27988 e 27989 e que a esa data estaban sen respostar.

Con data 18 de outubro contestan exactamente igual que con data 7 de outubro, e polo tanto non respostan a ningunha das dúas cuestións formuladas.

Con data 28 de outubro, no Pleno Ordinario no mesmo mes na Deputación Provincial de Ourense no apartado de Rogos e Preguntas, formuleille ó Presidente a seguinte cuestión:

*Cantos pases VIP tiña a Deputación para La Vuelta 2016 e a quen se lle deron?
Existen convenios con algún Concello para sufragar gastos de La Vuelta?*

Como sempre, e debido á ignorancia do Presidente foille imposible contestar no mesmo pleno e dixo que contestaría por escrito

Con data 2 de novembro recibimos escrito de que o día 8 podemos ver o expediente, que xa o temos visto hai días e no que non aparecen nin os

convenios con Concellos sobre La Vuelta nin a relación de beneficiarios dos pases VIP.

SOLICITO:

Que sexa contestada por escrito, porque a día de hoxe aínda non se respostou, ás dúas preguntas formuladas.

Ademais de todo elo advírtole que de por non responder a estas cuestións está vostede incumplindo o artigo 77 da Ley de Bases de Régimen Local 7/1985 e o artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales.

E que de non cumprir dita lexislación emprenderemos todas as accións legais que estean o noso alcance.

En Ourense, a 8 de novembro de 2016.



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE

